



OBRADOIRO DE PRIMEIROS AUXILIOS: PUPAS, SUSTOS E OUTROS DESGUSTOS

Estimados/as pais, nais e/ou titores:

Un equipo de profesionais de enfermaría pertencentes á Área sanitaria Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, conscientes da importancia de que os nenos adquiran nocións básicas de primeiros auxilios para saber actuar ante pequenos problemas do día a día e ante situacións máis complexas, estamos levando a cabo un proxecto de primeiros auxilios destinado a nenos de 3º e 4º de primaria.

Seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) que recoñece a necesidade de difundir estes coñecementos concienciando á sociedade sobre iniciar este tipo de ensinanzas antes dos 12 anos (campanha *Kids Save Lives*), proporcionásemos a posibilidade de que o seu fillo/a sexa beneficiario/a de dita actividade.

O proxecto consiste na realización dun obradoiro maioritariamente práctico para que aprendan a través do xogo e a colaboración a actuar ante determinadas situacións que poden afectar a súa saúde e a das persoas que os rodean.

Co obxecto de avaliar o grao de coñecemento base dos nenos en primeiros auxilios, a efectividade do obradoiro e detectar posibles puntos de mellora, o equipo que imparte o obradoiro realizará un proxecto de investigación ligado á actividade. Para iso, antes da realización do obradoiro solicitaráselle ó seu fillo que cumprimente unha pequena enquisa anónima relacionada co contido a tratar. Ó rematar, solicitaráselle que repita este mesmo test e se lles proporcione outro para valorar a súa satisfacción coa actividade. Os cuestionarios serán anónimos e so será preciso indicar a súa idade e o nome do colexio.

Ao finalizar os obradoiros, cada neno/a levará á casa un diploma acreditativo.

POLÍTICA DE CONFIDENCIALIDADE:

So o equipo investigador que ten deber de gardar confidencialidade, terá acceso ós datos (anónimos) recollidos nas enquisas do estudo. O responsable da custodia dos datos é a investigadora principal, Verónica Civeira Pérez.

A participación neste estudo é totalmente voluntaria. Se vostede non desexa que o seu fillo participe no proxecto, isto non influirá de ningunha maneira na súa participación no obradoiro. Se desexa participar, agradecemos que firme o consentimento que se achega e o entregue ó menor para que o faga chegar ó seu mestre/a.

Recordar que, o día do obradoiro o neno/a debe traer un boneco e unha toalla de praia como material de axuda para realizar as prácticas.

Para calquera información adicional, non dubide en contactar comigo.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Atentamente,

Verónica Civeira Pèrez

Supervisora de área de crónicos

coordinadora do programa de educación sanitaria e formación en primeiros auxilios
“pupas, sustos e outros desgustos”

629102017

